

# Galedus



Revista do Colexio de Educadores Sociais de Galicia - N° 1 • Prezo: 1,5 Euros



## Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7 - 3º  
15702 Santiago de Compostela  
(A Coruña)



secretaria-tecnica@colexioeducadores.com



www.colexioeducadores.com



981 55 22 06



981 93 82 74

*CESG non se fai responsable,  
nen ten porqué identificarse  
necessariamente coas opinións expresadas  
nesta publicación.*

*Prohibida a reproducción total ou parcial  
desta publicación. Fotografías e Ilustracións  
protexidas pola lei de propiedade intelectual.*

*Edita: Colexio de Educadores Sociais de Galicia  
Depósito Legal: C-594-02*

### Equipo de Elaboración da Revista

ÁNXELA PAZ RODRIGUEZ  
ANA PAZ RODRIGUEZ  
MERCEDES SÁNCHEZ ROMERO  
COMISIÓN XESTORA DO CESG


### Ilustración portada CALINA LAVANDEIRA

### Ilustracións Interior ÁNXELA PAZ RODRIGUEZ

### Deseño e preimpresión

**CORMORÁN**  
premedios y sistemas

Galeduso



# Galeduso N° 1

EDITORIAL	3
INVESTIGACIÓN	4
PRÁCTICA PROFESIONAL	10
A DEBATE	13
DE ACTUALIDADE	14
O CESG INFORMA	15
BARCO DE PAPEL	18
BUZÓN OPINABLE	19



## PORTAS ABERTAS

Acadamos, por fin, un Colexio Profesional. Un instrumento que pode ser moi útil ante os moitos retos que ten hoxe en día a nosa profesión: formación, clarificación dos campos de traballo, ofertas de emprego e, en definitiva, a promoción da Educación Social. A todo isto ten que tentar dar resposta, na medida das súas posibilidades, o Colexio.

Nesta dirección, a Xunta Xestora está a levar a cabo as funcións que lle encomenda a Lei, a habilitación galega e do resto do Estado, a elaboración de Estatutos Definitivos e a Preparación da Asemblea Constituínte. Ademáis estámornos dotando da imprescindible infraestructura e presentando o Colexio ós medios e ás universidades.

Paralelamente a isto estase, tamén, comezando o traballo en varias frontes a través das seguintes vocalías :

- Vocalía de Formación ( preparación e desenvolvemento do primeiro ciclo de formación )
- Vocalía de Congreso ( preparación do IV Congreso Estatal, a celebrar en Galicia no 2004 )
- Vocalía de Servicios ós/as Colexiados/as ( asesoría xurídica, páxina web, bolsa de emprego, ...)
- Vocalía de Actos Institucionais ( presentación do Colexio, xornada de empresas de iniciativa social..)
- Vocalía de Ofertas de Emprego ( recursos a oposicións, traballo coas administracións..)
- Vocalía de Información ( elaboración da revista, comunicacións ...)

Complementariamente, vimos de crear grupos de traballo para facer chegar ás administracións propostas que xurdan desde a realidade da nosa experiencia. Temos convocado, ademáis, xuntanzas específicas para traballar problemas urxentes ( como a situación dos centros de menores e outros ), aínda que a realidade e que a participación de colexiados/as nestas iniciativas ven sendo moi escasa. Nembargantes, no CESG apostamos por que sexan os/as educadores/as que están implicados/as nun determinado campo de actuación os/as protagonistas das propostas do Colexio, sendo elas e eles quen marquen as pautas que se deben levar en cada campo.

Os/as educadores/as temos moito que dicir e podemos facer que a nosa voz teña cada vez máis peso. Para poder mellorar a nosa situación e solucionar problemas temos que expoñer estudos serios das problemáticas e solucións ás mesmas.

Para isto temos o Colexio. Non é a meta definitiva, é simplemente un vehículo, tal vez aínda pequeno e con pouca repercuisión ante as administracións e nos medios, pero, indubidablemente, un instrumento que podemos facer cada vez máis útil e necesario.

Dunha vez por todas temos que liberarnos do noso tradicional victimismo e participar dun xeito activo na mellora da nosa profesión. Deixar de pensar no que fan os e as demáis polos nosos problemas e pensar de qué xeito podemos implicarnos todos/as na mellora da situación. Por suposto, iso leva consigo protestar, esixir, pero tamén colaborar nas iniciativas que se emprendan.

As colexiadas e os colexiados son, en definitiva, protagonistas do Colexio e as/os que teñen que informar das prioridades ás ós que, provisionalmente, estamos na dirección; participando na vida colexial e fixando as liñas de actuación e os intereses prioritarios.


Na Xunta Xestora sabemos e comprobamos as dificultades de traballo cun grupo tan heteroxéneo, tanto nos campos de actuación como na situación profesional dos nosos e das nosas profesionais , pero, sen embargo, cremos que iso é enriquecedor para o noso colectivo e as dificultades son solucionables co esforzo de todos/as.

Este non pode ser, en fin, o Colexio dun pequeno grupo a quem, diferentes circunstancias, puxeron nos cargos directivos, e que teñen que levar a xestión do día a día, nin o Colexio dos/as técnicos/as que nel traballan. É o Organismo dos/as educadores/as galegos/as, e deles/as depende que sexa un mero órgano burocrático ou, ó contrario, sexa unha Entidade Viva, preocupada polo futuro dos/as nosos/as profesionais e da nosa profesión; que interveña dun xeito activo nos problemas que temos, na formación de novos/as profesionais, que propoña ás distintas administracións e organismos cambios que melloren a realidade social.

Estes obxectivos só se poden acadar coa implicación de todos os educadores e educadoras da nosa Comunidade, educadores/as que crean na súa profesión, que entendan o Colexio como algo seu; un lugar, en definitiva, coas portas abertas. Aquí temos todos/as un novo instrumento, que levábamos moi tempo reclamando. Entremos e fagamos del o noso Colexio o COLEXIO DE EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA.

Asinado: Alberto Fernández de Sammamed Santos  
Presidente da Comisión Xestora do CESG

## **"O contacto do penal co educativo no ámbito da xustiza de menores."**



As leis acostuman a ser pensadas pola maior parte da poboación como necesarias e polo tanto xustas; exactas, logo desinteresadas; libres de valores e por ende politicamente neutrais. Este senso común leva a que a análise da sua esencia, no senso de cuestionarse a quen benefician, baixo que ideoloxía se arroupan ou a que intereses responden, parece non someterse a discusión o que implica negarles, dalgunna maneira, o su carácter político.

Tendo como referente a Lei de Responsabilidade Penal de Menores<sup>1</sup>, propónome someter a análise a chispa xa histórica que se produce ó entrar en contacto o penal co educativo no ámbito da xustiza

xuvenal. Vou achegarme con curiosidade á natureza formalmente penal pero materialmente sancionadora-educativa do documento porque me sorprende que como garante do seu prantexamento ético, se parta dunha especie de pacto de consenso que defende a necesidade de ter que esixir responsabilidade penal ás e ós "menores" maiores de 14 anos, cando esta é só unha das diversas opcións pensables; e quero ademáis retomar a énfase no carácter educativo do proceso e das medidas a aplicar, para ver os posibles efectos discriminatorios se non hai un compromiso político que garante unha educación caracterizada por principios democráticos.

## A Vocación educativa do aparato xudicial xuvenil

A breve andadura da historia da xustiza de menores pon de relieve que, as institucións de menores, na forma que existen hoxe, fan a súa primeira e tímida aparición no mesmo século en que en Europa comeza a afirmarse o **capitalismo** que provoca unha profunda reorganización da sociedade en tanto que é no contexto deste novo orde social emergente que se inventan e impoñen novos significados á infancia, se redefinen as categorías espacio-temporais, e tamén, se sépara a educación da violencia convertíndo-a, en nome da protección e a civilización, en instrumento imprescindible de control e moralización social<sup>3</sup>.

En palabras de Donzelot<sup>4</sup>, nace cando se fixo evidente que o sistema penal era inaxeitado para conter o fluxo considerable de todos esos menores "irregulares" que se introducen no intestino entre o vello orde familiar e o novo orde escolar. Educación baixo mandato xudicial foi a solución.

En nome da **filantropía**, emerxía así un derecho especial para nenos, baixo un proteccionismo educativo que extendía a creciente intervención do poder público ó ámbito do privado coa xustificación de que a infancia non debía ser castigada con penas represivas senón sometida a medidas terapéuticas ou tratamentos educativos áinda que fose necesario someter tamén a intervención á súa familia ou mesmo ser separada da mesma.

É neste sentido que a sustitución do xudicial polo educativo, pode tamén lerse como extensión do xudicial en canto que se reunen baixo a prevención as actividades antigalemente separadas da asistencia e represión<sup>5</sup>, de xeito que o Tribunal de Menores non decide só sobre os delitos, cerca esta infancia para logo observarla e poder clasificala.

## Menores significados como delincuentes xuvenís<sup>6</sup>

Empezamos este século imbuidos pola sensación de formar parte dun tempo de pánico moral que provoca unha gran inseguridade

cidadá e que parece apuntar como protagonistas a certo tipo de xoves: masculinos, urbanos, violentos que invaden os medios de comunicación o que provoca un sentido común que parece demandarlle ás administracións unha maior intervención con carácter sancionador que garanta unha maneira determinada de entender o orden social.

Pero ¿quen son estes xoves?, ¿como chegaron a esa situación?

Son estos xoves excelentes representantes do que Castel denomina desafiliación, no senso de que son un poco de todo, a súa existencia atravesa interrogante tódalas institucións sociais desmintindo as súas pretendidas garantías constitucionais.

Son xoves que, como o resto, están imbuidos por una sociedade de consumo que utiliza como contraseña de integración o contar coa posibilidade de adquirir certos produtos, ata o punto de valorar a identidade a través do resultado dun baremo que é aplicado sobre os atributos socioculturais que conforman a apariencia.

Conseguir esta imaxe prefabricada, e máis que aparentar, significa que se lles otorgue un *lugar social*<sup>7</sup> cun determinado valor. Saben que a súa imaxe non está ben vista, que ese baremo a puntuá en negativo. A outra, a que ten valor de utilidade social, quédalles lonxe, incluso mercando nas grandes superficies onde pasan tanto tempo. As "pintas" delátaos, porque ademais da roupa, levan complementos definitivos: xestos, actitudes, tonos de voz; en definitiva hábitos que descubren unha determinada sociabilidade que os alonxa da media, do etiquetado como integrado, que é á vez, froito do tantas veces exitoso.

O perfil de personalidade recollido nos sus expedientes refire motivacións, actitudes e incluso estilos de vida que reflecten, ben a súa ausencia, ben omnipresencia das habilidades sociaies consideradas necesarias para ser unha persoa educada.

Contan ademais cun perfil social que os descalifica: baixo nivel económico, falta de capital sociocultural, habitat estigmatizado. As súas familias comparten situacions de vul-

nerabilidade social que conxuga a precariedade do emprego coa fraxilidade dos soportes de proximidade<sup>8</sup>. As que teñen traballo e polo tanto un nivel de ingresos asegurado acostuman a ter unha relación laboral a través de contratos onde a precariedade e a imprevisibilidade está asegurada, impidiendo calquera proxecto a medio ou longo prazo.

Aquelas que non contan con estatuto de traballadora, son beneficiarias de prestacións sociais, para o que han de demostrar con papeis que sufren dificultades. Estas persoas vense na obrigación de aportar como aval necesidades e carencias, pero como si éstas fosen froito da su ineficacia.

Son familias que viven situacións estructuralmente deficitarias que as coloca con pouca capacidade de resistencia, pois esta correlaciona directamente cos ingresos, que son os que posibilitan disfrutar dos outros dereitos: non creo que ningúén crea a estas alturas que os cartos non fan a felicidade. Quero decir a relativa, a cotidiana felicidade<sup>9</sup>.

En canto á súa relación co Sistema educativo, obligatorio para os menores de dezaseis anos, soe certificar un fracaso escolar que traspasa os límites do escolar, pois a partir do mesmo, só contan con *transicións rotas*<sup>10</sup> cara a posibilidade de desempeñar roles adultos. Perden así a capacidade de convertir en pensables outros futuros: si no fan nada recoñecido como válido polo social éste percíbeos como un problema.

Teñen presa por buscar traballo e empezan o seu itinerario laboral facilmente previsible: contratos basura, relación laboral sen contrato, explotación por parte de empresarios sen escrúpulos. A súa situación segue cronificándose polo que cada vez se atopan máis desligados das institucións sociais, o que fai referirse á actual estagnación do fracaso escolar<sup>11</sup>, polo que de endurecimento e estancamiento teñen estas situacións ó conllevar altas posibilidades de ser identificado como membro dos colectivos de risco de exclusión social: excluídos do mercado de traballo primario, probablemente do secundario, descartados da formación profesional

cualificante, e candidatos a describir traxectorias sociais e profesionais caóticas.

Paréceme acertadísimo conceptualizalos como Suxeiros fráxiles<sup>12</sup>, en canto que forman parte de colectivos que constitúen a más clara manifestación das fortes tensións que implica a, á vez ríxida e flexible, lóxica social imperante na nosa era do capitalismo avanzado, poñendo en evidencia o carácter xerárquico e autoritario dos nosos sistemas sociais.

## Possibles efectos discriminatorios do sistema xurídico actual.

- A Sanción como recurso prioritario para a Responsabilidade: A día de hoxe, o novo goberno da vulnerabilidade social, en especial do da xuventude, apoiase por un lado nun mercado laboral desqualificado e desregulado e, por outro, nun aparato xudicial omnipresente que volve a reclamar esta vocación pedagóxica para xustificar democraticamente as medidas deseñadas en relación co control dunha poboación creciente: a xuventude adulta á que non se lle otorga un lugar social, por non facer nada productivo, por non permanecer en ningunha institución social recoñecida: nin nunha familia, nin no instituto, sin un traballo..., e ás que se impón como única alternativa de cambio co que puideran imaxinar un futuro, a aceptación de empregos precarios ou sancións e, no seu caso, a adaptación ás institucións nas que están internos.

Enfatízanse as necesidades, pero non de dereitos: como a igualdade de oportunidades para a obtención dun primeiro emprego, vivenda ou educación; senón que pasan a ser percibidas como déficits de educación. Puidera ser este diagnóstico clave para loitar por facer efectivo o dereito á educación, pero ésta neste contexto é entendida exclusivamente en clave de control, de adaptación ás diferentes institucións e disciplinaria. O modelo de teoría educativa que parece ser pensada para esta xuventude, ten como propósito fundamental o control social, a estratexia é a sanción e o obxetivo individual a responsabilización que se demostra median-

te claros indicios de intentar o cambio aínda que para iso teña que aceptar traballo preclaros u permanecer nun curso sabendo de antemán que non o superará.

Namentres que na educación defendida pola Lei Xeneral de Ordenación do Sistema Educativo se consideran como finalidades xenerais de etapa: transmitir cultura, formar ás persoas e preparar para a vida, o traballo e os estudos, en estes contextos poden ser rebaixados á mínima expresión pois a sociedade non acostuma a esixir o cumprimento de dereitos cando se trata desta xuventude. Compatibilizar o ordenamiento xurídico actual coas condicións vitais dos xoves ós que se dirixe, supón unha vontade política que, ademáis de esixir que se responsabilicen das faltas cometidas, se esixa tamén o cumprimento dos dereitos que tantas veces lles son negados.

### • Defensa social sobre inserción:

A violencia como tema de referencia, especialmente cando queda circunscrita á xuventude, está de actualidade. A súa omnipresencia nos medios de comunicación contribúe a xerar a identificación daquela coa delincuencia juvenil e dun xeito descontextualizado e reducido a aquelas situacións más extremas. Isto contribúe por unha banda a xerar a opinión de que a delincuencia xuvenil medra como unha epidemia sin control e, por outra, a definir a etioloxía da súa xénese exclusivamente en termos de insecuridade física para o resto da poboación, coa correspondiente demanda de esixir sanción individual á vez que se dilúe calquera responsabilidade social en tal xénese, o que serve de aval a posteriores decisións de actuar casi exclusivamente con respostas de normalización, contención e castigo, isto é, policiais e xudiciais, en lugar dunha redeistribución dos social que garantira máis vivenda, máis emprego, máis servicios sanitarios, máis educación para aquellas persoas que non disfrutan dos seus mínimos. O carácter sancionador das medidas educativas teñen un dobre efecto: por un lado garantizan o castigo e por outro amplian o

campo do penal con circunstancias caracterizadas pola vulnerabilidade social.

Ó non contar con poder suficiente para esixir o cumprimiento dos anteriores dereitos - recordemos que estamos refiríndonos a menores insertos nun sistema que funciona á marxe da súa vontade - prodúcese unha distancia brutal entre quen é obxeto dunha destas medidas e o considerado polo social como idóneo. Esta lóxica que prima o castigo contribúe a xenerar actitudes defensivas e insolidarias ante todo o que se percibe como ameaza por unha maioría, negando calquera posibilidade de incorporación social a estes xoves.

### ¿É posible pensar doutra maneira?

A pesares de que non corren bos tempos para a teoría, para o pensamento, penso que é urgente que nos deteñamos a pensar sobre os efectos das rutinas, sobre daquilo que, como as leis, os horarios, a oferta das actividades, mesmo as formas de relación social, consideramos dado, obvio e polo tanto inamovible. Na parada que constitúe esta pequena reflexión me asaltaban moitas preguntas para aquilo que se nos presenta como certeza: ¿é necesario esixir responsabilidade penal a esta xuventude? ¿esíxense coa suficiente forza os seus dereitos sociais e económicos?; desde unha perspectiva que garantira o estatuto de cidadanía para estas e estes menores ¿requiríase modificar outras institucións sociais: escolares, de vivienda, sociais, sanitarias, o dereito?.

Parece urgente que tamén desde o Dereito, en canto institución social, se tome en conta a desigualdade social da realidade en en tanto característica básica da actual estrutura social. A construción democrática obliga a remover incansablemente do sistema xurídico tódolos frenos discriminatorios que reforzan as desigualdades entre os seres humanos <sup>13</sup> e será en función do contenido que lle otorguemos a eses principios, que o dereito poida ser un elemento que contribúa a lexitimar as desigualdades de clase, xénero <sup>14</sup>, etnia (por mencionar algunas das estructuras de opresión das nosas socieda-

# Investigación

des) ou optar por constituirse nun instrumento para o cambio social que contribúa a construir o significado doutra democracia.

Namentras as leis segan recollendo só a modo de lema Combinar o educativo co punitivo e, córrese o risco de que dito principio se convierta nunha das coartadas naturais para xustificar a ampliación do control en nome da educación, de xeito que a concepción e a articulación dos sistemas sancionatorios específicos para menores queden invisibilizados baixo a retórica educacionista.

Loitar por unha maior xustiza social na xustiza de menores quizás require que, dentro do considerado de utilidade socioeducativa, "perdamos o tempo" sobre interrogantes como o lanzado por Wacquant ¿Quen pode crer que penalizando a algúns centenares de xoves se modificará o problema cuia mera mención, se insiste en rexeitar: o afondamento nas desigualdades sociais e a xeneralización da precariedade salarial e social como consecuencia das políticas de desregulación e da deserión económica e urbana do Estado? <sup>15</sup>.

1 Lei Orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. BOE, 13 de xaneiro de 2000

3 Julia Varela devela o entramado social sobre o que se asenta a emerxencia dos modernos modos de educación en *Modos de educación en la España de la contrarreforma*, 1983, Madrid: La Piqueta.

4 Jacques Donzelot, *La policía de las familias*, Pre-Textos, 1990.

5 Este tipo de análise elaborao con gran profundidade Jacques Donzelot na obra citada.

6 A visión recollida neste apartado é claramente sesgada. Non é a miña intención asegurar que toda a xuventude en conflicto social responde ó perfil elaborado, pero tampouco é a miña intención construir ningún perfil. O meu propósito é dar voz ás realidades que tantas veces compartimos as educadoras e os educadores que traballamos no ámbito residencial.

7 Robert Castel, *La metamorfosis de la cuestión social*, Buenos Aires, Paidós, 1997

8 Ibidem, p.15

9 Eduardo Haro Tecglen, *El País*, 15-IX-2000

10 Paul Willis, "Paro juvenil:Pensando lo impensable", En ENGUITA, Mariano, *Marxismo y sociología de la educación*, Madrid:Akal, 1986

11 Joaquin Casal, Maribel García e Jordi Planas, "Escolarización plena y estagnación", En.Cuadernos de Pedagogía, nº 268, p.38-41.

12 Julia Varela e Fernando Álvarez-Uría, *Sujetos frágiles. Ensayos de sociología de la desviación*. Madrid: Paideia, Fondo de Cultura Económica

13 Lorena Fries y Verónica Matus, *El derecho. Trama y conjurta patriarcal*. Santiago de Chile: LOM, La Morada, 1999.

14 A linguaxe desta lei é sexista pois no seu intento de utilizar o masculiño como xenérico, sabendo que nunha sociedade patriarcal como o é a nosa, o xenérico ten xénero: masculiño. Non é esta unha cuestión baladí, pois se ben a linguaxe non serve só para nomear, senón que xenera en si mesma a posibilidade dunha determinada realidade, ou ben nega o ser pensada, a linguaxe xurídica conta cun valor simbólico aínda maior, en canto que contén as definicións, categorías e sentidos para a súa propia interpretación.

15 Loic Wacquant, *Las cárencias de la miseria*, Alianza, 2000, p. 68



# Benvid@s

[www.colegioeducadores.com](http://www.colegioeducadores.com)



## **PROGRAMA MULLER. CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO.**



### **FUNDAMENTACIÓN**

A idea do proxecto surde en Cáritas Diocesana de Lugo a partires do coñecemento das situacións de extrema necesidade, coa idea de evita-la cronificación da pobreza e a exclusión social, tentando establecer uns seguimentos pormenorizados das situacións e unha planificación do traballo a realizar co fin de establecer cauces de integración social e laboral neste colectivo.

Nun principio só se traballaba no "barrio chino", pero co paso do tempo ampliamos á diócese, xa que temos constancia de que tanto a problemática da prostitución como outras, que afectan máis específicamente ó colectivo das mulleres, non se limitan só a esta zona.

É un programa dirixido á atención, información e asesoramento das mulleres que exercen a prostitución, exercérona e/ou mulleres que se atopan en situación de risco de caer no exercicio da mesma, así como ás súas familias.

Encamiñámo-la acción a mellora-la calidade de vida integral deste colectivo

atendendo tódalas súas necesidades, iniciando con cada muller e a súa familia máis cercana un proceso e desenvolvemento persoal e colectivo, distinguindo os niveis de prevención, acompañamento e reinserción nas fases de acollida e seguimento.

O perfil das mulleres atendidas é de mulleres e mediana idade que viven e se prostitúen no "Barrio chino", con escasos ingresos económicos, problemas hixiénico-sanitarios, escaso nivel educativo, alcolismo, inmigración ilegal, e en xeral, gran desorientación a nivel de recursos sociais.

Trabállase tamén con mulleres que exercen a prostitución en clubes ás aforas de Lugo, en pisos particulares, e mulleres que abandonaron o exercicio da prostitución.

A nivel preventivo as mulleres atendidas soen ter ingresos económicos escasos e gran desarraigo familiar e pola súa situación valoramos que poderían atoparse en risco de caer no exercicio da prostitución como saída á súa situación. Tamén no nivel de preventión atoparíánse as fillas das prostitutas que coñecen o ambiente e a actividade da súa nai e que están en situación de risco.

## OBXECTIVOS

### • Obxectivo xeral:

"Mellora-la calidade de vida integral das mulleres atendendo a tódalas súas necesidades, iniciando con cada unha delas e a súa familia un proceso e desenvolvemento persoal e colectivo".

### • Obxectivos Específicos:

".Coñecer obxectivamente a realidade das mulleres e do seu entorno familiar".

. "Establecer unha atención directa e personalizada acollendo, valorando e apoiando o seu proceso de inserción, tendo en conta as problemáticas de saúde, transtornos psiquiátricos, malos tratos, sobreexplotación, carencias económicas, etc."

. " Informar, asesorar e orientar acerca de tódolos recursos ós que teñen dereito".

. " Potencia-las capacidades e posibilidades das mulleres de cara ó seu desenvolvemento e autonomía na vida cotiá".

. " Potenciar nelas o coñecemento do valor e a propia dignidade".

."Consolidar, cohesionar e dotar de medios ó equipo promotor do servicio".

."Fomenta-la coordinación con outros servicios e institucións de forma que as mulleres reciban unha atención integral".

."Fomenta-la participación das mulleres nas actividades que oferta a comunidade".

."Sensibilizar á comunidade da problemática das mulleres".

## METODOLOXÍA

Nos comezos do Programa, estableceuse como primeira fase do plan de traballo o coñecemento do medio onde estas mulleres realizaban a súa actividade. Obtidos uns primeiros coñecementos nos comezos do Programa(1995), pensamos que é preciso manter sempre aberta esta fase para profundizar nas características da poboación e nas condicións do medio no que realizan a súa vida cotiá, polo cal mantemos unha serie de accións fundamentais neste senso como son:visitas periódicas ó barrio (observación do medio); contacto directo coas mulleres no seu propio medio, observación directa das condicións de habitabilidade no transcurso das visitas a domicilio; adquisición e lectura bibliográfica relacionada co mundo da prostitución e os dereitos das mulleres.

En relación directa coas mulleres realizamos diferentes actuacións:

- **Atención directa**, na que distinguimos diferentes maneiras de intervención:

. **Atención puntual:** ante unha demanda concreta, información, orientación, axuda económica puntual como medida de urgencia ata que poida recurrir a outros recursos.

a)Acollida: comezo dun período de coñecemento mutuo no que comezamos a estudia-la situación presentada e en diálogo coa persoa afectada, busca común de posibilidades, recursos...

b)Seguimento: previa valoración, establecemento dun plan persoalizado no que se teñen en conta tódolos aspectos persoais, familiares e sociais a nivel educativo, sanitario, busca de emprego, etc.

. **Apoio educativo:** a través do Equipo de

# *Práctica Profesional*

Intervención educativa e Cáritas Diocesana e previa elaboración do equipo Psicopedagógico lévanse a cabo as clases de apoio educativo coas mulleres que o demandan, así como o reforzo escolar para os seus fillos e fillas que, por diversas razóns, sufren algúns retrasos escolares. Nesta actividade, ofrécese como paso intermedio ata que estas mulleres poidan incorporarse ós recursos normalizados xa existentes, isto acontece cando superan a súa baixa autoestima e comezan a sentirse capaces de aprender con outr@s. Trátase de ofrecer un apoio educativo en tres niveis diferentes: alfabetización (para as persoas que non saben ler nin escribir ou teñen moitas dificultades), reforzo escolar (para as persoas matriculadas nalgún centro pero que por algúna razón teñen certo retraso); cultura xeral (cando xa teñen certo nivel adquirido pero precisan actualizalo).

. **Actividades de grupo:** dirixidas ás persoas que se atopan na fase de seguimento e abertas a outras persoas doutros Programas de Cáritas Diocesana. Algunhas destas actividades son: cociña, repostería, manualidades, corte e confección, coidados xeriátricos...

. **Actividades interxeneracionais:** actividades abertas a tódalas mulleres relacionadas co Programa e as súas familias, así como a outras persoas de distintos Programas de Cáritas Diocesana ou persoas que elas mesmas queiran convidar. Algunhas destas actividades son: celebracións trimestrais de cumpleaños, visitas ó teatro, realización e venda de produtos típicos do Entroido, chocolatadas en Noiteboa e Noitevella...

. **Charlas formativas:** dirixidas ás persoas que se atopan na fase de seguimento e abertas a outras persoas. Algunhas destas charlas foron: Servicios de saúde; alcoholismo e ludopatía; cooperativas e autoemprego; orientación socio-laboral...

Educador@s Programa Muller.




# ¿CAL É A TÚA OPINIÓN SOBRE A CREACIÓN DO CESG? ¿PROS? ¿CONTRAS?

- " Mediante o Colexio conseguimos que a nosa profesión sexa recoñecida"
- "A unión fai a forza"
- "Faise necesario un espacio aberto de encontro onde poder debatir sobre os distintos ámbitos de intervención da Educación Social, intercambiar experiencias e recursos, aportar coñecementos, facer suxerencias,etc..."
- "Por medio dun colexio profesional faise máis presión e se consiguen cambios, aínda que eses cambios se dean a longo prazo".
- "É importante ter un colexio que te respalde e asesore".
- "Se co Colexio conseguimos regularizar as distintas situacóns profesionais, mellorando a praxe, adiante".
- "A maioría dos colexios son demasiado corporativistas".
- "Entendo que para que un colexio funcione deben participar activamente tódolos/as colexiados/as, demandando, recibindo pero tamén aportando".
- "A formación é primordial pero sen información non se consigue avanzar. Creo que o colexio é un bó medio para conseguilo".
- "Ánimo, que Roma non se fixo en dous días".
- "Un colexio que non atope os canles axeitados para chegar a todo o seu colectivo profesional, non é representativo".

## Tema a debatir no vindeiro número de Galeduso Os novos ámbitos de intervención do/a educador/a social.

Esta sección está deseñada para ofrecer un lugar de reflexión, un espacio onde poderedes expresarvos abertamente sobre un tema proposto. Pero por este motivo é preciso un dobre esforzo. Por un lado, poderedes enviar ó CESG as vosas opinións referentes ó tema que se escolla para debatidores,etc...e sobre os que poidamos debatir en posteriores números desta publicación. I para facer da revista un reflexo da nosa profesión é necesario que todas e todos aportemos o noso grao de area!



[informacion@colegioeducadores.com](mailto:informacion@colegioeducadores.com)

## "Desde o cero: A felicitación más calurosa do outono:

Aproveitamos este apartado para compartir con todos e todas vós a felicitación realizada pola Presidenta de ASEDES (ASociación Estatal De Educación Social) ó CESG polo número 0 da Revista:

[\*Traducción ó galego consentida pola autora]

Parece "cousa mentira", pero xa estamos no número 0 da revista do Colexio Galego; é este un cero perfecto, fantástico, infinito...no que cabemos todas e todos: como gran corro, como roda, como sol... e é para ASEDES unha honra e un pracer estar nel, dicir dende él, apertar, felicitar aquí a galegas e galegos. "Educadores/as todos/as" que co seu esforzo conseguiron colextivo, e con iso deron un paso máis creando un hito no recoñecemento e na normalización da profesión... fixéronnos máis fortes, fortaleceron o proceso asociativo estatal...


Agardamos que este número que sae por primeira vez á rúa, sexa reflexo fiel da vida dun colectivo dinámico, fresco,... que sempre se atope oco para o guiño crítico, o humor, a reflexión e o debate.

Que sexa un instrumento manexable e cercano de comunicación, de encontro do pensar e ser do colectivo, onde a ilusión e as ganas de facer non deixen de ter espacio. ¡Noraboa!

Pd.: Que as meigas (cadaquén que se encomende ás súas) preserven a maxia deste recién nacido, orondo e perfecto número cero."

Flor Hoyos Alarte  
Pta. De ASEDES

\*\*\*Por erro, este texto foi omitido no nº 0 da revista. Pregamos á súa autora nos disculpe e enviámoslle un saúdo agarimoso dende aquí. Graciñas.



# ACTO DE PRESENTACIÓN OFICIAL DO COLEXIO DE EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA

O 8 DE FEBREIRO DO 2002 pola mañán, tivo lugar o ACTO DE PRESENTACIÓN PÚBLICO DO COLEXIO DE EDUCADORES SOCIAIS DE GALICIA (CESG), na Aula de Cultura da Obra Social Caixa Galicia en Santiago de Compostela. O acto asistiron ó redor de cen persoas entre educadores e educadoras sociais, integrantes da xunta directiva da Asociación Estatal de Educadores Sociales (ASEDES), integrantes da directiva do Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya (CEESC), da Asociación Profesional de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia (AESG), das asociacións profesionais do resto do estado (Baleares, Castela e León, Andalucía, Madrid, Valencia), representantes das universidades Galegas nas que se imparte a Diplomatura de Educación Social, representantes políticos da Consellería de familia Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, e da Consellería de Asuntos Sociais, así como outros representantes de diversas entidades e institucións galegas.

O Acto tomou a seguinte estrutura:

Presentación do Colexio.

Mesa Redonda.

Acto de Clausura

\*Acompañou o acto unha exposición fotográfica denominada "Catro Olladas", sobre os diferentes ámbitos da Educación Social.

## PRESENTACIÓN DO COLEXIO

A mesa estivo presidida pola Excmo. Sra.. Dª Manuela López Besteiro, Conselleira de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude; a Excmo. Sra. Dª Corina Porro Martínez Conselleira da Consellería de Asuntos Sociais; Magco. E Excmo. Sr. D. Dario Villanueva Prieto Rector da Universidade de Santiago de Compostela; Magco. E Excmo. Sr. D. Domingo Docampo Amoedo, Rector da Universidade de Vigo; Excmo. Sr. D. Alfonso Barca Lozano, Vicerrector de Profesorado da Universidade de A Coruña; Sr. D. Manuel Aguilar López Director da Obra Social da Caixa Galicia, e o Sr. D. Alberto Fernández de Sammamed Santos Presidente Xunta Xestora do CESG.

A primeira intervención correspondeu a Sr. D. ALBERTO FERNÁNDEZ DE SAMMAMED SANTOS EN REPRESENTACIÓN DO CESG, quen se encargou de presentar ó resto dos/das componentes da mesa.

Na primeira parte destacou a súa ledicia pola consecución deste Colexio, así como a importancia que éste ten de cara á profesión do/da Educador/a Social na nosa terra:

"Hoxe temos un logro conquerdido, un Colexio con dúas características: que sexa participativo e que, por outra banda, sexa aberto á sociedade en xeral, a todas as administracións, ás universidades, e ás demáis entidades; e aberto a calqueira que teña algo que dicir entorno da educación social; e tamén, claro está, en defensa da profesión dos educadores e das educadoras sociais"

Posteriormente recoñeceu o traballo realizado por todos/as os/as compañeiros/as da Asociación Profesional de Educadores Sociais de Galicia (AESG) que levan moitos anos traballando e loitando por acadar que o colexio profesional



que se presenta sexa unha realidade; tamén agradeceu a colaboración e apoio prestado pola Asociación Estatal de Educadores Sociales (ASEDES) e polo Col·legi d'Educadores i Educadors Socials de Catalunya (CEESC). O Presidente do CESG dou as gracias ós/as representantes políticos/as polo seu apoio á hora de aprobar a Lei, ás universidades pola súa colaboración, así como a outras institucións e entidades que colaboraron neste proceso.

Pero sen dúbida o agradecemento máis especial foi para todos os educadores e educadoras sociais que a través do seu traballo cotián do día a día, fan posible esta profesión.

Para rematar pideu ós/as profesionais e á sociedade en xeral que lle esixamos o colexio, e que colaboremos con el.

A segunda intervención estivo a cargo de Sr. D. MANUEL AGUILAR LÓPEZ DIRECTOR DA OBRA SOCIAL DA CAIXA GALICIA, quen felicitou ós/as educadores/as sociais pola consecución do colexio e agradeceu a este último por haber escollido a Aula de Cultura da Obra Social para a inauguración deste evento. Tamén dou as gracias por todas as colaboracións que o CESG fai coa Obra Social da Caixa Galicia.

A terceira intervención correu a cargo das Universidades. O representante da Universidade de Vigo felicitou pola consecución do colexio, e animou para seguir traballando por esta profesión, así mesmo fixo fincapé en que a Universidade de Vigo ten as súas portas abertas ó CESG.

O representante da Universidade de A Coruña, en nome do rector e do vicerrector, tamén felicitou ó CESG e, ó igual que o anterior, destacou que a Universidade de A Coruña deixa as súas portas abertas ó CESG para todo o que necesite dentro das súas posibilidades.

O representante da Universidade de Santiago, expresou a importancia do colexio no regulamento dunha profesión;



falou que conta con liñas moi complexas. Asimesmo destacou a importancia e significación da Educación Social na sociedade actual. Ofreceu a universidade como punto de encontro, e felicita por esta iniciativa e o esforzo realizado a todos/as os/as educadores/as sociais.

Seguidamente interviu un representante de servicios sociais

en nome da Excma Sra. Conselleira de Servicios Sociais, quen dou a noraboa o CESG; e falou sobre o que dentro do sistema público de Servicios Sociais que está nun proceso de reforma destaca o principio de participación, que se asenta nos "Consellos", que se van a constituir dentro desta consellería, como órganos de participación e consulta, e invita ó CESG a participar nestes foros para que os/as educadores/as sociais fagamos as nosas aportacións.

En derradeiro lugar, e para finalizar esta presentación, intervii a EXCMA. SRA. Dª MANUELA LÓPEZ BESTEIRO CONSELLERA DE FAMILIA E PROMOCIÓN DO EMPREGO, MULLER E XUVENTUDE, quen felicitou a AESG pola labor feita polo recoñecemento desta profesión e pola consecución do colexio profesional. Seguidamente falou de que se está configurando un Colexio Profesional para dar resposta ás necesidades dos galegos e galegas e que para ela como conselleira este acto tiña un significado moi especial posto que representa o esforzo dun colectivo que ten encomendada unha labor moi importante para a nosa sociedade e agrupa a un importante número de traballadores e traballadoras da Consellería que representa.

Dª Manuela falou tamén dos Programas de Educadores/as Familiares e dos Gabinetes de Orientación Familiar cos que conta a Consellería nestes intres.

Resaltou a importancia da Educación Social como profesión que ten que ser recoñecida pola sociedad, pola función social básica que ésta desempeña, e que si hai unha profesión que define a función social esta é a Educación Social porque axuda a previr e a satisfacer as necesidades da sociedade.

Fala dos perfís tan dispares que actualmente hai dentro desta profesión igual que a súa formación, por iso a importancia do CESG para regular os perfís, e que este é un paso adiante moi importante para a regularización da figura dos/as educadores/as sociais.

Finalmente sinala que como responsable das políticas de familia e sociais pide a colaboración do colexio coa súa consellería, e desexou ós/as educadores/as sociais as súas felicitacións por esta nova andadura.

## MESA REDONDA

A mesa redonda estivo presidida por José Antonio Caride Gómez, Catedrático de Pedagogía Social da Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela, Rafael López i Zaguirre, presidente do CEESC (Col·legi D'Educadores i Educadors Socials de Catalunya), Flor Hoyos Alarte Presidenta de ASEDES (Asociación estatal de Entidades da Educación Social), Pilar Sabio Sanz, Vicepresidenta do CESG (Colexio de Educadores Sociais de Galicia) e Soledad Hernández tesoureira do CESG que actuou como moderadora da mesa.

Soledad Hernández presentou ós/as membros da mesa e resaltou a importancia deste momento histórico do colexio.

Primeiramente intervii por José Antonio Caride Gómez,



Catedrático de Pedagogía Social da Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela quen empezou dando as felicitacións polo colexio profesional a toda a comunidade de educadores/as pero sobre todo a quen está na trastenda dando o alento que fixo nacer ó CESG, tamén dou as gracias por poder compartir esta presentación do colexio cós educadores e educadoras sociais.

Destaca que como profesor da Facultade de Pedagogía tivo a oportunidade de ter participado e compartido foros de encontro entre os/as profesionais da educación social e a universidade, en distintos sitios de España, nos cales o propósito era acadar unha diplomatura, que é a que certamente está sendo un dos principais eixos vertebradores do que se está a facer. Segue dicindo que cabe entender e valorar o camiño percorrido ata o de agora e enfatiza o trabalho compartido que dende as distintas entidades se foi desenvolvendo, pero que o logro do colexio non é o punto de chegada senón o punto de scida para ir agrandando as señas de identidade da educación social.

Fala de que esencialmente estanse a dar ata o de agora 3 cuestións que son:

1º) Estase a contribuir e consolidar a reconceptualización o pensamento e prácticas da educación social, configurando así unha praxe da educación para toda a vida. E hai que romper a espiral da educación=escolaridade.

2º) Estase a xerar unha cultura moi interesante, unha nova concepción do trabalho social, deixando a conceptualización asistencialista a favor dunha liña educativa na cal os/as educadores/as sociais terán o protagonismo.

3º) As liñas de investigación da universidade que aportan coñecemento científico para ampliar as perspectivas neste campo.

Fala tamén da necesaria cooperación entre a Universidade e o CESG no senso de promover iniciativas formativas para establecer unha formación continuada para os/as educadores/as sociais, e tamén no senso de resolver certas situaciones de claroscuros da educación social como son:

a) A mellora dos currículums formativos universitarios. Necesidade de integrar mellor a formación teórica e o Practicum dos/as alumnos/as. Isto compromete moito ós/as profesionais porque non son meros acompañantes senón axentes de formación.

b) Coordenar mellor o trabalho das tres universidades.

c) Mellorar a transición dende a formación inicial ó trabalho profesional.

Optimizar o trabalho conxunto entre as universidades e o mundo profesional para resolver cuestións como a necesidade de definir o perfil, o rol...

Remata dicindo que esta é unha obriga á apertura de miras a un cambio de mentalidade de todos/as, da universidade e dos/das profesionais.

A continuación falou Flor Hoyos Alarte, presidenta de ASEDES, que escomenzou manifestando a súa ledicia por estar en Galicia celebrando a presentación dun colexio que tanto esforzo supuxo. Continuou falando de que ASEDES conta con alrededor de 6.500 asociados/as de todo o territorio estatal, e que agora mesmo no panorama asociativo hai 2 colexios, o catalán e o galego e 14 asociacións.

Falou tamén da importancia da FEAPES, antecesora da actual ASEDES, na consecución dos colexios e na evolución da Educación Social; os primeiros retos plantexados en Murcia son hoxe logros conquerdos:

-A Diplomatura.

-Os colexios profesionais

-A creación dun movemento estatal solidario e homoxéneo

ASEDES polo tanto é a herdeira destes logros polo tanto está comprometida con este reto, e os obxectivos que se plantexa agora mesmo son:

-Mellorar a calidade profesional.

-Ser un punto de encontro de asociacións e territorios diferentes.

-Apostar por o modelo de colexio.

Lembra tamén que o colectivo galego asume hoxe o liderazgo por contar cun colexio, pero quere suliñar o traballo feito dende Galicia por Federico Armenteros como presidente de AESG e da FEAPES.

ASEDES tamén apostá por ter unha maior presencia social e ser representativa a nivel estatal e tamén a nivel internacional a través da labor que están realizando xente como Toni Juliá.

Tamén se conta co uso do portal eduso.net, para facer posible o encontro virtual.

Comenta que neste intre hai 2 colexios e 6 asociacións que teñen presentada a solicitude o que dará paso nun futuro a pasar a traballar a nivel intercolexial.

Dende ASEDES trabállose coas asociacións grandes, pero tamén coas pequenas, para apoialas e estar o seu lado e ofrecerelle todo o que se está a facer.

Para rematar comentou que esperan contar co apoio do colexio galego en ASEDES como segundo colexio estatal que xunto co catalán van a ter moia responsabilidade e que nos vai aportar maneiras de traballar diferentes, e pon a nosa disposición todo o que se poida necesitar a nivel estatal. Finalmente fai un brindis hipotético pola posta en marcha do colexio.

A continuación fala Rafel López i Zaguirre, Presidente do Col·legi de Catalunya que da as gracias por poder estar así e aclara que no seu discurso vai facer aportacións ó falado polos seus compañeiros/as, Caride e Flor, posto que lle parece moi interesante recordalas.

Primeramente fala da importancia de territorios como Navarra, claro impulsor da Educación Social. Se di que o primeiro Congreso de Educación Social foi o de Murcia, pero convén recordar o que algúns chamamos o Congreso Cero de Navarra, de aquí a Murcia, de ésta a Madrid e logo a Barcelona. Naqueles primeiros momentos se plantexaban grandes retos, retos que hoxe lembran Caride e Flor, algúns deles foron acadados, caso da creación dos colexios profesionais. Neste punto afirma que, polo tema político, Galicia vai ser un referente estatal claro.

Rafel quere plantexar á universidade os seguintes retos:

-Superar a definición formal da creación da Diplomatura, posto que di que é unha definición ambigua que non reflicte a historia.

-Presencia da Diplomatura en todas as comunidades autónomas.

-Definición dun marco estable de colaboración entre a universidade e os colexios.

-Por ultimo, ver como dende a universidade se pode articular o proceso de homologación dos antiguos estudios de educación social.

A continuación fala do colexio profesional dicindo que él entédeo non coma un fin, senón como un instrumento que axuda a regular a profesión. Explíca así mesmo 10 conceptos claves que debe ter un bó colexio:

Pluralidade.

Apertura

Transparencia

Participación

Discurso

Calidade

Promoción

Autonomía

Denuncia e proposta social  
Representación e defensa profesional.

A continuación falou Pilar Sabio, vicepresidenta da Comisión Xestora do CESG, quen puxo de maníesto que ó colexio debe ser unha plataforma de reflexión da educación social que todos os educadores e educadoras deben impulsalo para que chegue a un estado adulto, posto que de momento é unha estructura feble, e non se pode caer no erro de pensar que todo está acadado; éste -dixo- é o principio e non a chegada.

Continuou dicindo que como colexio xove ten unha parte moi positiva que é que está cheo de ilusións.

Pilar concretou a tarefa que está a desenvolver neste momento o recente creado colexio:

-XESTORA: ten como traballo fundamental a habilitación profesional. A Comisión Habilitadora está composta por 18 persoas: 6 profesionais, 6 profesionais diplomados/as, 3 expertos/as en educación social, 3 membros da universidade. Dende esta comisión estase a facer un grande esforzo para recibir todos os expedientes antes de que se acabe o proceso. Todos/as nós estamos nun campo onde pedimos participación, ilusión..., pero agora tócamos facer os deberes, por iso anima a todos/as a mandar canto antes toda a documentación.

Tamén lembra a todos aqueles diplomados e diplomadas que se teñen que incorporar ó mundo laboral, e que ten que ser toda esta xente xove a que ten que participar no colexio para que isto cambie, posto que a xente xove é o futuro colexio.

-FORMACIÓN CONTINUADA: existen convenios coas universidades para facer un pequeno ciclo formativo.

-Creación dunha bolsa de traballo dentro do colexio.

-Grupos de traballo e de estudio:

- .Menores
- .Animación Sociocultural
- .Plan de Inclusión social

Coa idea de facer un documento de traballo para presentalo logo ás administracións.

- IV Congreso Estatal do Educador Social 2004, recollendo así o testigo de Cataluña.

-Unha revista "GALEDUSO".

-Creación da páxina web colexioeducadores.com, que todavía está en construción.

Remata soledad comentando que a Educación Social está viva e boa proba delo é o que aquí se está a dicir dende os/as distintos/as representantes.

A continuación, falou Federico o antiguo presidente de FEAPES e de AESG e membro fundador desta última, declarando e asumindo que o seu papel xa forma parte da historia, pero a partir de agora a historia está nos libros. Por iso hai que asumir novos papeis e cortar.

Remata o acto de presentación cunha divertida obra de teatro escolma da obra de Koldobika G. Vío "Pasarela Edumoda" parodiando a intervención dos educadores e das educadoras sociais en diversas situacions cotiás do seu traballo, levada a cabo por Federico Armenteros e por Ánxela Paz, membros da comisión xestora, en colaboración con: Xavi, Pepabolo e Ro, outros educacadores e educadoras sociais.

# Barco de papel

Esta sección tentará recoller información sobre: cursos a realizar, congresos, seminarios, campañas, libros novos que saen á venda relacionados cos distintos ámbitos da Educación Social, páxinas web interesantes, etc...

Por este motivo, animámosvos a participar mandando ó CESG información que teñades da vosa man e que sexa interesante dar a coñecer.

A continuación ofrecémosvos unha selección BIBLIOGRAFIA A INCLUIR:

- Escarbajal de Haro Andrés (coord.) "La Educación Social en marcha". Editorial NAU llibres. Valencia 1998.
- Riera Romaní Jordi. "Concepto, formación y profesionalización de: Educador social, trabajador social y el pedagogo social". Un enfoque interdisciplinar e interprofesional. Editorial NAU llibres. Valencia 1998.
- López Martín Ramón : "Fundamentos políticos de la Educación Social". Colecc. Teoría e Historia de la Educación. Editorial Síntesis. Madrid 2000.
- Pere Amores e Pello Ayerbe. "Intervención educativa en la inadaptación social". Editorial Síntesis. Madrid 2000.
- Pérez-Campanero M<sup>a</sup> José "Como detectar las necesidades de Intervención Socioeducativa" . Editorial Narcea. Madrid 2000.
- Maya Pedro e Caballero José Joaquín. "El Animador sociolaboral". Editorial CCS. Madrid 2001.
- Caride J. Antonio (Coord.) "Educación Social y Políticas Culturais". Edita Tórculo Ediciones. Santiago de Compostela 2000.



- Vieites F. M. (coord.) "Animación Teatral. Teorías, experiencias, materiais". Edita Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela 2000.
- Rubio M<sup>a</sup> José e Monteros Silvina. "La exclusión Social". Teoría y práctica de la intervención. Editorial CCS. Madrid 2001.
- Marco Marchioni (coord.) "Comunidad y cambio social" Teoría y praxis de la acción comunitaria. Editorial Popular. Madrid 2001.
- Fantova Fernando. "La gestión de organizaciones no lucrativas". Herramientas para la intervención social. Editorial CCS. Madrid 2001.
- Calvo Ana. "La Animación Sociocultural". Una estrategia educativa para la participación. Editorial Alianza. Madrid 2002.
- Ventosa Víctor J. "Fuentes de la Animación Sociocultural en Europa". Editorial CCS. Madrid 2002.
- Ezequiel Ander-EGG. "Como hacer reuniones eficaces". Editorial CCS. Madrid 2002.

La opción que más le favorece



Servicios financieros a la medida de cada profesional

B  
S

Pertenecer a su Colegio Profesional le ofrece la posibilidad de disfrutar de las ventajas de la oferta financiera de tecnoCredit.

Un conjunto de productos y servicios, concebidos para dar respuesta a sus necesidades personales y profesionales, que se actualizan y mejoran

constantemente de acuerdo con la evolución del mercado financiero.

Se beneficiará de **condiciones preferentes** (exención de comisiones, tipos de interés reducidos en préstamos y créditos) con la garantía y solvencia del cuarto grupo bancario español: el **Grupo Banco Sabadell**.

Servicios financieros en condiciones exclusivas que se enmarcan dentro del convenio de colaboración con el Colegio de Educadores Sociales de Galicia.

Infórmese en el **902 323 222** o en cualquier oficina del Banco Sabadell.

cesg  
Colegio de Educadores Sociales de Galicia

tecnoCredit  
[www.tecnocredit.com](http://www.tecnocredit.com)

Servicios financieros prestados por:  
**BancoSabadell**  
[www.bancosabadell.com](http://www.bancosabadell.com)

# Buzón opinable



## BUZÓN OPINABLE

Esta sección da revista está pensada para reflectir as diferentes opiniões que teñades sobre temas de actualidade, feitos que algúns maneira afectan á nosa profesión; para facer sugerencias; para facer críticas (...se poden ser constructivas mellor...); para poñer esa frase célebre que tanto, nos gusta e máis cousas que se vos ocorran. E dicir, unha especie de "cartas ó/á... á revista". En definitiva, un espacio aberto de expresión que agardamos vos anime a participar.

**QUALI MEDIC**, compañía que xestiona servicios médicos de calidad ,para colectivos, oferta Cirurxía Refractiva Láser, a prezo especial para colexiados e colexiadas. Este sistema de cirurxía corrixe os seguintes tipos de alteracións:

MIOPÍA, ata 13 dioptrías aproximadamente.

HIPERMETROPIA, ata 5 dioptrías aproximadamente.

ASTIGMATISMO, ata 5 dioptrías aproximadamente.

Coa tecnoloxía láser a intervención dura 7 minutos, non precisa hospitalización e garante unha rápida recuperación visual.

Quali Medic conta para consulta e intervención con especialistas en Galicia, ademais de outros puntos da xeografía española.

Se queres máis información non dubides en chamar ó CESG.

### Opinións e frases:

- ¡ Reivindiquemo-la paz e o desarme! Pidamos que se faga un uso alternativo ós gastos militares. ¿Sabías que un submarino nuclear vale tanto como construir e equipar 50 hospitais? Ou que é unha ametralladora o mesmo que un tractor? Ou que é armar e manter a un soldado vale tanto como garantí-la educación de 80 nenos e nenas? E que...éunha caixa de balas tanto como vacinar a unha criatura contra as 6 doenças más comúns e letais: sarampelo, tose ferina, tétanos, polio, tuberculose e difteria?. É hora de desmilitariza-la nosa sociedade, hora de falar de igualdade, do dereito á diferencia, dunha sociedade sen explotación, sen opresión, sen discriminación, facendo respecta-los dereitos humanos. A educación social, educación en valores.

Aldara Pérez

- "Ollo por ollo, e o mundo quedará cego" M. Gandhi.
- "Ningún pode facer que te sintas inferior sen o teu consentemento". Eleonore Roosevelt.
- "Non vemos as cousas como son: vemos as cousas como somos". Anaïs Nin.
- "As accións son moito más sinceras que as palabras". Mademoiselle de Scudéry.
- "Convence ós que se esforzan por mante-la distancia da súa superioridade, que podes chegar a el aínda que poñan tropezos no teu camiño". María Barbeito.